

*CORRECCIÓN DE ERROS. ORDE do 5 de decembro de 2022 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres (código de procedemento ED001A).*

Advertidos erros na ORDE do 5 de decembro de 2022 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres (código de procedemento ED001A), é necesario efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 38, Base 12.1, segundo parágrafo, onde di:

“Parte A: Terá por obxecto a demostración de coñecementos específicos necesarios da especialidade docente á que se opta. Consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema elixido pola persoa aspirante, de entre un número de temas, extraídos ao chou polo tribunal, proporcional ao número total de temas do temario de cada especialidade. O número de temas que se extraerá será o seguinte:

Corpo de mestres:	3 temas
Corpo de profesores de música e artes escénicas:	4 temas
Corpo de profesores de ensino secundario:	5 temas
Corpo de profesores de artes plásticas e deseño:	5 temas
Corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional:	5 temas

Debe dicir:

“Parte A: Terá por obxecto a demostración de coñecementos específicos necesarios da especialidade docente á que se opta. Consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema elixido pola persoa aspirante, de entre un número de temas, extraídos ao chou polo tribunal, proporcional ao número total de temas do temario de cada especialidade. O número de temas que se extraerá será o seguinte:

Corpo de mestres:	3 temas
<b>Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas</b>	<b>5 temas</b>
Corpo de profesores de música e artes escénicas:	4 temas
Corpo de profesores de ensino secundario:	5 temas
Corpo de profesores de artes plásticas e deseño:	5 temas
Corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional:	5 temas



Na páxina 33, Base 10.3.1 onde di:

“10.3.1. O persoal aspirante será convocado, a través da páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.gal/oposicions> para a realización da proba, de ser o caso, de acreditación do coñecemento do castelán, da proba de coñecementos da lingua galega, do acto de presentación, e á primeira parte da proba, con cinco días hábiles de antelación, como mínimo, indicando a data, a hora e o lugar en que se realizarán estes actos.”

Debe dicir:

“10.3.1. O persoal aspirante será convocado, a través da páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.gal/oposicions> para a realización da proba, de ser o caso, de acreditación do coñecemento do castelán, da proba de coñecementos da lingua galega, do acto de presentación, e á primeira parte da proba (parte A) **e, se é o caso, o exercicio práctico B.2 da fase de oposición, con cinco días hábiles de antelación, como mínimo, indicando a data, a hora e o lugar en que se realizarán estes actos podendo realizarse a parte A e o exercicio práctico B.2 da proba no mesmo día.**”

Na páxina 41, Base 12.1, B2) onde di:

“B.2) Exercicio de carácter práctico.

“No caso das especialidades específicas de formación profesional do corpo de profesores de ensino secundario e do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, nas do corpo de profesores de música e artes escénicas e nas do corpo de profesores de artes plásticas e deseño, agás Historia da Arte, incluírase unha proba práctica consistente na realización dunha serie de exercicios, que poderán ser por escrito, que se axustará, para cada especialidade, ao disposto no Anexo IV desta orde, e que permitirá comprobar que o persoal aspirante posúe a formación científica e o dominio das habilidades técnicas correspondentes á especialidade a que se opte. O tempo asignado para a realización desta proba será establecido polos tribunais.”

Debe dicir:

B.2) Exercicio de carácter práctico.

“No caso das especialidades específicas de formación profesional do corpo de profesores de ensino secundario e do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, nas do corpo de profesores de música e artes escénicas e nas do corpo de profesores de artes plásticas e deseño, agás Historia da Arte, incluírase unha proba práctica consistente na realización dunha serie de exercicios, que poderán ser por escrito, que se axustará, para cada especialidade, ao disposto no Anexo IV desta orde, e que permitirá comprobar que o persoal aspirante posúe a formación científica e o dominio das habilidades técnicas correspondentes á especialidade a que se opte. O tempo asignado para a realización desta proba será establecido polos tribunais.

**O exercicio de carácter práctico realizarase a continuación da Parte A da proba nos termos establecidos na base 10.3.1. desta convocatoria pública.**

**Unha vez realizado o exercicio de carácter práctico, de ser o caso, procederase a súa lectura no día e hora no que o persoal aspirante sexa citado polo tribunal para realizar a preparación, presentación e exposición, e defensa da unidade didáctica”**

Asinado en Santiago de Compostela,  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo  
(sinatura dixital)

